

## BASES DA CONVOCATORIA DE PREMIOS A PROXECTOS DE FIN DE CICLO REDACTADOS E DEFENDIDOS EN GALEGO

### PRIMEIRA. OBXECTO.

O obxectivo desta convocatoria é contribuír á normalización da lingua galega no ámbito académico, premiando os proxectos de fin de ciclo redactados e defendidos en galego.

### SEGUNDA. DESTINATARIOS/AS.

Poderá acceder a estes premios o alumnado matriculado no CIPP Manuel Antonio que redacte e defenda en galego o seu proxecto de fin de ciclo durante o curso 2022/2023.

### TERCEIRA. REQUISITOS.

Os proxectos deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Redactar e defender o proxecto de fin de ciclo enteiramente en galego. Agás aquelas partes indicadas nas bases do proxecto que deban figurar noutra lingua.
2. Manter un uso correcto da lingua, tanto na expresión escrita coma oral.
3. Obter unha cualificación no módulo de proxecto igual ou superior a 5 puntos.

### CUARTA. PREMIOS E CONTÍA.

Premiaranse ata un máximo de cinco proxectos por curso académico, un por cada familia profesional presente no centro:

- Hostalaría e Turismo.
- Industrias Alimentarias.
- Química.
- Sanidade.
- Téxtil, confección e pel.

Cada premio consistirá nunha tarxeta regalo valorada en cincuenta euros (50,00€).

## QUINTA. RESOLUCIÓN.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega resolverá que proxectos recibirán os premios. O criterio de selección empregado será a cualificación máis alta de entre todos os proxectos redactados e defendidos en galego presentados en cada familia profesional. En caso de empate resloverase por sorteo.

De non cumplir cos requisitos os premios poderán ser declarados desertos. A resolución do Equipo de Dinamización da Lingua Galega será inapelable.

## SEXTA. ENTREGA DE PREMIOS.

Os premios entregaranse nun acto público. As persoas premiadas deberán estar presentes no acto de entrega, salvo causas de forza maior.

En Vigo a 07 de marzo de 2023.